



Este mes, co gallo do Día do Libro (23 de abril), entre os días 26 e 30 deste mes poderase vir á biblioteca consultar estes dous facsímiles. Se o desexa, debe pedir cita no correo electrónico biblioteca.mdperegrinacions@xunta.gal ou no teléfono 881 867 319 (Horario: de 9.00 a 14.30 h.). **FELIZ DÍA DO LIBRO!**

TRACTATUS DE HERBIS

Tractatus de herbis. [Reprod. facs. do Sloane ms. 4016, British Library, Londres] Barcelona: M. Moleiro editor, 2011. ISBN 84-96400-76-X

INV D-1518

Presentámosvos o *Tractatus de herbis*, unha reprodución facsímilar dunha obra de consulta medieval que se acaba de incorporar aos fondos do museo e a súa biblioteca. Trátase dunha clonación exacta dun precioso manuscrito do século XV (Sloane Ms. 4016, British Library) composto principalmente por ilustracións botánicas.

Este volume contén 109 folios de pergameo de gran formato ilustrados con 500 representacións policromadas. Os vexetais aparecen debuxados fóra da terra, como espécimes botánicos e non como plantas vivas na súa contorna natural.

O obxectivo desta obra era a identificación das plantas medicinais, pero nas súas páxinas tamén teñen cabida os animais, curiosamente representados, e mesmo os minerais que dalgunha maneira formaban parte da farmacopea da época.

O uso destas plantas para o alivio e a curación de doenzas no Camiño de Santiago converteuse nunha práctica xeneralizada na Idade Media.



APOCALIPSIS DE VAL DIEU

Val Dieu Apocalypse. [Reprod. facs. do ms. 17333, British Library, Londres] Barcelona: M. Moleiro editor, 2019. ISBN 978-84-16509-43-0

Inv D- 1519

A Apocalipse, as visións que San Xoán tivo sobre a fin da humanidade, foron recollidas en numerosas versións polos artistas medievais, converténdose para eles nunha das súas historias favoritas da Biblia para ser ilustrada, pola complexidade do seu relato e as súas numerosas e dramáticas escenas que lles ofrecían múltiples posibilidades para desenvolver a súa creatividade.

No comezo desta historia, o evanxelista Xoán é desterrado por Domiciano á illa de Patmos e alí aparéceselle un anxo que lle revela que debe escribir todas as visións que teña nun libro e difundilo entre os membros da Igrexa. Estas visións describían os conflitos entre as forzas do ben e do mal; entre Deus e os anxos e Satanás e os seus secuaces. As súas escenas son





violentas e catastróficas e os poderes do mal son representados por bestas monstruosas moitas veces acompañadas por desastres naturais. Toda a historia culminará co Xuízo Final.

A illa grega de Patmos converteuse en lugar sacro e na actualidade é un dos máis importantes destinos das peregrinacións cristiás.

O museo e a súa biblioteca incorporaron aos seus fondos unha edición facsímilar da *Apocalypse de Val Dieu*, unha marabillosa mostra desta tradición dentro da iconografía medieval.

